



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CEDEIRA

Estabilización OEP Extraordinaria 2022

Relación de aprobados e proposta de nomeamento da praza de psicólogo/a social incluída no proceso extraordinario de estabilización do Concello de Cedeira.

ANUNCIO

Con data de 10 de xuño de 2025 ditouse o Decreto de Alcaldía número 274/2025 cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: relación de aprobados e proposta de nomeamento da praza de Psicólogo/a incluída no proceso extraordinario estabilización

Expediente 2025/G003/000290

Vistas as bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha (1) praza de psicólogo, persoal laboral fixo ao 66,66% da xornada, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 do concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal, publicadas ambas no BOP núm. 247 do 30 de decembro de 2022.

Visto o decreto de 12 de agosto de 2024 polo que se nomea ao tribunal cualificador para o proceso selectivo para a provisión en propiedade de 1 praza de Psicólogo, persoal laboral fixo ao 66,66 % da xornada mediante o sistema de concurso, incluída na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Cedeira, para a estabilización do emprego temporal (Decreto núm. 429/2024)

Vista a acta de 8 de abril de 2025 por la que se adopta o acordo de resolución de alegacións, valoración definitiva de méritos dos candidatos/as admitidos/as e de proposta de nomeamento como persoal laboral fixo a favor da candidata BLANCO FERNÁNDEZ, María Rocío.

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente e dacordo co previsto nas bases 18ª, 20ª e 21ª das Bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primero.- Aprobar a relación de aprobados deste proceso selectivo.

Apellidos e nome	NIF	CELGA	Experiencia	Formación	Total
BLANCO FERNANDEZ, María Rocío	****6402****	Celga 4	57,30	10,00	67,30

Propor o nomeamento como persoal laboral fixo a BLANCO FERNÁNDEZ, María Rocío .

Segundo.- Dispoñer a publicación da presente resolución no BOP e na sede electronica do Concello de Cedeira, taboleiro de anuncios, e a efectos informativos na páxina web municipal, dispoñendo o aspirante aprobado dun prazo de 20 días naturais, contados dende o seguinte á publicación no BOP da presente resolución para presentar no Rexistro xeral do Concello de Cedeira a documentación esixida na Base 18 e 20 das bases xerais reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso-oposición correspondentes á oferta de emprego público extraordinaria de 2022, a efectos da posterior firma do correspondente contrato laboral fixo.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruíz, como Secretaria, dou fe.”

En Cedeira, a 11 de xuño de 2025

Asdo. O Alcalde

Pablo Diego Moreda Gil